

INFORMACIÓN PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE INGLÉS PARA HOSTALARÍA (10H).

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso todas as persoas interesadas, tendo prioridade as empadroadas no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes de participación nesta acción formativa deben enviarse ao enderezo electrónico: jose.pazo@portodoson.gal

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 14 de outubro de 2021 e rematará o día 20 de outubro de 2021. Non se terá por admitida ningunha solicitude enviada antes ou despois de dito prazo.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Documentación.

A comprobación do empadramento no Concello de Porto do Son será feita de oficio polo Servizo de Orientación Laboral. O envío da solicitude implica a autorización para esta comprobación.

4.- Selección de participantes.

A selección das 10 persoas participantes farase polo sistema de sorteo ante a Secretaría Xeral do Concello. Nunha primeira fase, entrarán no sorteo unicamente as persoas empadroadas no Concello de Porto do Son. De quedaren prazas vacantes tras esta primeira fase, procederase a un novo sorteo entre as solicitudes presentadas por persoas que non se atopen empadroadas no Concello de Porto do Son.

5.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 10 prazas.

6.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vai ter lugar do 25 ao 29 de outubro 2021 no Viveiro de Empresas de Porto do Son (Lg. Noal Nº 26), cun horario lectivo de 10.00h a 12.00h.

7.- Contidos do curso.

O curso, de carácter eminentemente práctico, abordará os seguintes contidos:

Dar unha benvida e levar á mesa

Pedir e responder

Prezos, datas, horas e datos numéricos

Comidas, bebidas e elementos da mesa

Explicacións breves dos elementos do menú

Queixas e solucións

Elementos lingüísticos

Pronunciación de vogais

Entoación de frases

Substantivos contables e incontables

8.- Condicións de superación do curso.

A obtención do correspondente certificado require a participación activa no curso (10h) e a superación das actividades propostas.

Porto do Son, 13 de outubro de 2021.